



Tabique de barrotiño que pode albergar instalacións; os novos tabiques secos son moi eficaces e compatibles cos sistemas tradicionais.

Os tabiques

25. Como eran?

Facíanse lixeiros, constituídos por táboas verticais desde o chan ata o teito, unidas ás veces mediante ensambles. Como evolución púñanse, en ambas as caras, uns listóns horizontais, chamados "barrotiños", que axudaban a suxeitar a revocadura de cal. Adáptanse moi ben aos lixeiros movementos das armazóns de madeira e son bos illantes do ruído. Teñen moita capacidade de carga.

26. Pódense modificar?

Se é preciso facer obras na vivenda para ampliar un cuarto ou crear un novo, quizais haxa que eliminar algún dos tabiques ou realizar outros novos. Debemos prestar atención antes de quitar un destes tabiques porque poden estar colaborando no apoio da armazón do teito. Se están en bo estado e valen, é mellor non cambialos. En moitos casos pódense mudar facilmente de situación.

27. Como serán os novos tabiques?

Con estruturas de madeira é preferible utilizar sistema de tabiques "en seco". Estes tabiques están formados por unha armazón de madeira ou metal e sobre este bastidor fíxanse os paneis de xeso laminado ou fibra-xeso. Dentro alóxanse as instalacións de auga e electricidade e os materiais illantes contra o ruído. Estes materiais son, ademais, moi bos illantes contra o lume. Os tabiques construídos con ladrillo só achegan peso e a humidade da construción á estrutura de madeira, son demasiado ríxidos e pódense gretar polos pequenos e naturais movementos da estrutura.